

UE4SD Press release, October 2014

Desenvolvemento profesional de Educadores Universitarios en Educación para o Desenvolvemento Sostible

Un recente informe recompila carencias e boas prácticas de toda Europa

Entre febreiro e maio de 2014, 54 institucións de educación superior de 33 países europeos traballaron no "estado da arte" da educación para o desenvolvemento sostible (EDS) na educación superior. A área de estudo inclúe máis de 3.000 institucións de educación superior con máis de 24 millóns de estudantes. Ademais de identificar o estado da integración da EDS, o estudo recompila as mellores experiencias existentes de oportunidades de desenvolvemento profesional de educadores universitarios en EDS, tomando en consideración que a calidade do ensino universitario se considera vital para preparar estudantes coas competencias necesarias para afrontar os retos do Século XXI.

Os resultados dos estudos por países foron analizados por rexións, realizando catro informes: rexión sur, norte, leste e oeste de Europa. Estes informes foron compilados no informe do "estado da arte". Os primeiros resultados foron presentados na reunión anual do proxecto UE4SD (Educadores Universitarios para o Desenvolvemento Sostible) celebrada no Centro Ambiental da Universidade Carolina de Praga, República Checa, o pasado 2 de outubro de 2014.

Os principais resultados do estudo son: a EDS cobra importancia na educación superior en toda Europa. Na maioría dos países socios do proxecto UE4SD recoñécese a importancia da sostibilidade na educación superior en directrices ou lexislacións educativas e/ou ambientais. Ademais, a maioría dos países mostran que as súas institucións de educación superior desenvolveron guías e declaracións que promoven a sostibilidade e a EDS. Non obstante, moitos países recoñecen unha falta de oportunidades de desenvolvemento profesional en EDS dos seus educadores universitarios. Só algúns países contan con programas ou requirimentos para que os educadores universitarios adquiren competencias de ensino-aprendizaxe en EDS. Unha publicación e unha plataforma online de recursos recollerán máis en detalle estas experiencias.

O nivel de integración do desenvolvemento sostible na educación superior en Europa difire de acordo ao contexto cultural e institucional. Representa, pois, un reto para o proxecto UE4SD, atender a estas diferentes demandas cando se desenvolva o programa "Academy", co que se dará soporte a educadores universitarios para que desenvolvan competencias en EDS. Para contribuír a un desenvolvemento transformativo da EDS no espazo europeo de educación superior requírese, polo tanto, dun esforzo colectivo.

Se ten interese no proxecto UE4SD ou quere involucrarse na ESD na educación superior, consulte www.ue4sd.eu ou www.copernicus-alliance.org, a rede europea en Educación Superior para o Desenvolvemento Sostible que lanzou este proxecto; ou ben contacte coa prof.a Daniella Tilbury, Director of Sustainability, University of Gloucestershire, correo electrónico: dtilbury@glos.ac.uk

O informe de "estado del arte" pode ser descargado na web: www.ue4sd.eu/outcomes.